INTERESANTES PARTIDOS EN PRADOS VELLOS

Penúltima xornada oficial de 2013 para os distintos equipos do Numancia. Destacan este fin de semana os partidos de xuvenis e modestos en Prados Vellos, onde reciben a rivais da zona alta da clasificación. Analizamos a xornada:

MODESTOS: Reciben na 12ª xornada de Liga ó ADC A Capela. Partido nas alturas da 2ª Autonómica onde ambos equipos buscarán a vitoria para reducir distancias cos dous primeiros clasificados. Interesante envite ante un rival directo. Os modestos queren despedir ó 2013 no mais alto e para iso necesitan o gran apoio da Marea Vermella neste último partido de 2ª Autonómica en Ares neste 2013. Cita obrigada co primeiro equipo o domingo a partir das 16:00 en Prados Vellos. ¡¡¡Cita de obrigada asistencia¡¡¡

XUVENÍS: Reciben na 14ª xornada de Liga a un dos equipos da zona alta; o Galicia de Caranza "B". Boa ocasión para medir o potencial dun equipo xuvenil que intentará levarse a vitoria para ir subindo postos na clasificación. Potencial teñen de sobra. Cita obrigada no último partido de xuvenís en Ares neste 2013 o próximo sábado as 16:00 en Prados Vellos.

CADETES: Visitan na 2ª xornada de Liga ó Racing de Ferrol "B". Logo da derrota ante o Meirás, os nosos cadetes intentarán retomar as boas sensacións da Copa para conseguir os primeiros tres puntos dun longo camiño na Liga. Será o sábado as 11:00 no campo de herba artificial de A Gándara.

INFANTÍS: Reciben na 2ª xornada de Liga a SD O Val. Bo partido para os infantís ante un dos "galos" da competición. Os numantinos terán que estar moi concentrados e intensos durante todo o partido se queren compricarlle as cousas os valexos. Enerxía e compromiso teñen de sobra. Boa ocasión para comprobalo o sábado a partir das 11:00 en Prados Vellos.

FÚTBOL - 8: Alevíns e prebenxamíns por fin comezan a competición de Liga. Os prebenxamíns xogarán o venres a partir das 17:30 no Municipal de Miño ante o equipo local. Os alevíns visitan o campo de Aneiros en Serantes para medirse ó Portuarios "B" o venres as 18:00. Tamén o venres a partir das 18:15 xogan os benxamíns en Pontedeume na 4ª xornada de Liga ante o Eume "B".

BIBERÓNS: Comeza o Torneo AFACO de fútbol - 6 en pista para os mais pequenos. Un Torneo para refuxiarse do frío e da choiva do inverno; e na que os nenos xogarán nunhas dimensións mais reducidas; tendo polo tanto mais participación no xogo. A primeira ocasión de comprobalo será este venres a partir das 17:30 no pavillón de San Martín do Porto ante o EF Cabanas.

En resumo, bonita fin de semana de fútbol en Prados Vellos. Importantes e compricados partidos na casa para infantís, xuvenís e modestos nos que a MAREA VERMELLA ten que anotar o primeiro gol. ¡¡¡Non faltedes¡¡¡

O Numancia somos tod@s.

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡